

MODIFICACIÓN PROGRAMACIÓN INFANTIL

Dada a excepcionalidade da situación que nos atopamos, vímonos obrigados a coordinarnos todo o equipo de infantil e reorganizar a programación e metodoloxía da terceira avaliación dende a casa.

Como obxetivos da actividade formativa temos:

- Axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe.
- O seguimento titorial e o apoio emocional aos nenos/as e as súas familias.
- Diseñar propostas que cheguen a todos os nenos/as para o desenvolvemento das competencias básicas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
<p style="text-align: center;">4º Educación infantil</p> <p>Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal Sinala as partes principais do seu corpo. Ten unha boa coordinación de movementos. Identifica as cores. É quen de solicitar axuda cando a precisa. Presenta unha boa motricidade fina. Abotóase correctamente. Actúa autonomamente. Esfórzase na realización das tarefas.</p> <p>Coñecemento do contorno Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen. Asocia algúns números coas cantidades que representa Coñece a serie numérica. Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo. Asocia tempos horarios con determinadas accións ó longo do día (saída ao recreo, xantar, durmir..) Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigación.</p> <p>Linguaxes: comunicación e representación Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias. Ten unha linguaxe fluída. Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. Recoñece o seu nome Participa con interese en actividades expresivas plásticas e musicais. Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p>
<p>Lingua Estranxeira – Inglés Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira. Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.</p>
<p>Relixión Católica Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.</p>

5º Educación infantil

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.

Ten unha boa coordinación de movementos.

Presenta unha boa motricidade fina.

Sitúa os obxectos e localízalos: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaxo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro –derradeiro.

É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.

Esfórzase na realización das tarefas.

Remata as tarefas e actividades que empeza.

Coñecemento do contorno

Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.

Ordena obxectos segundo un criterio: tamaño, forma...

Asocia algúns números coas cantidades que representan.

Iniciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de convencionais, como regras, termómetros, reloxo, pesas, calendarios...

Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo...

Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.

Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano.

É respectuoso/a co medio no que vive.

Asume as responsabilidades que lle son asignadas.

Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade

Linguaxes: comunicación e representación

Ten unha linguaxe fluída.

Comprende as explicacións que se dan na clase.

Recoñece o seu nome.

Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.

Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, poesías rimas, adiviñas...

Participa con interese en actividades expresivas plásticas.

Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais...

Participa con interese en actividades expresivas musicais.

Recoñece sons do contorno natural e social.

Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.

Participa activamente e goza en actividades de dramatización..

Lingua Estranxeira – Inglés

Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.

Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.

Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua inglesa.

Relixión Católica

Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.

Recoñece a importancia que ten na nosa vida perdoarnos e ser perdoados.

6º Educación infantil

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Chega á representación completa do esquema corporal.
Debuxa a figura humana respectando as proporcións.
Esfórzase e pon a proba a súa habilidade motriz.
Presenta unha boa motricidade fina.
Manexa as tesoiras axeitadamente.
Entende as consignas e séguelas.
É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.
Amósase ordenado/a nas súas tarefas.
Esfórzase na realización das tarefas.
Remata as tarefas e actividades que empeza.

Coñecemento do contorno

Sabe describir algún atributo dun obxecto.
Ordena un conxunto de obxectos empregando diversos criterios.
Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual).
Asocia algúns números coas cantidades que representan.
Coñece a serie numérica e escribe os números convencionalmente.
Mide obxectos e ordénaos.
Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo e representaas.
Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano.

Linguaxes: comunicación e representación

Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.
Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
Exprésase con frases correctas e terminadas.
Ten unha linguaxe fluída.
Presta atención ás información que lle transmiten outras persoas.
Ten unha actitude activa ante a lectura.
Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
Participa con interese en actividades expresivas musicais.

Lingua Estranxeira – Inglés

Mantén unha actitude positiva cara a lingua estranxeira.
Coñece e amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.

Relixión Católica

Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>A avaliación que levamos a cabo é global, continua e formativa. Adaptada ás necesidades e características de cada un dos nenos/as.</p> <p>As principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos/as e as entrevistas coas familias.</p>
Cualificación final	<p>Usaranse instrumentos de avaliación como entrevistas coas familias do neno/a, fotos dos traballos, gravacións, vídeos... e a finalidade fundamental será a de valorar as tarefas realizadas polos alumnado tendo en consideración as dificultades de carácter tecnolóxico, social ou persoal que presenten, de maneira que nos faciliten a información suficiente para a redacción dun informe individual.</p> <p>Terase presente en todo momento os resultados acadados nas dúas primeiras avaliacións .Todo o alumnado de educación infantil promociona de curso, dado que acadaron os obxectivos mínimos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>En relación a metodoloxía, priorízanse tarefas globalizadas dos diferentes ámbitos curriculares, propostas semanalmente, evitándose as tarefas mecánicas e repetitivas en favor de tarefas significativas e motivadoras.</p> <p>Propóñense actividades de lectoescritura, lóxico-matemática, manualidades, experimentos, xogos, actividades musicais, xogos de psicomotricidade... por parte das titoras e especialistas.</p> <p>A mestra de PT propón actividades na páxina web para reforzar contidos (xogos de atención...)</p> <p>Tamén se contribúe a que os nenos/as participen noutras actividades do centro promovidas polo Equipo da Biblioteca e de Dinamización da lingua galega...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Cada titora encárgase de realizar unha análise da súa clase e contactar dende o primeiro momento coas familias, vía correo electrónico ou por teléfono, para garantir que ninguén quedase sen recibir as actividades. Deste xeito todas as familias de educación infantil reciben as tarefas propostas cada semana.</p> <p>O Concello de Silleda presta un servizo gratuito de impresión das tarefas escolares en coordinación coas librerías locais. Os servizos municipais fan entrega das impresións, de forma segura, aos domicilios.</p>
Materiais e recursos	<p>As tics cumpren unha labor fundamental e beneficiosa para poder continuar coa nosa labor docente ata que todo se normalice. A interacción entre as titoras e os nenos/as estará garantizada, permitindo o retorno por exemplo co envío de fotografías dos traballos, envío de documentos dixitais, gravacións...</p> <p>Mediante o blog, mandámoslle semanalmente un dossier de tarefas para repasar os contidos aprendidos no primeiro e segundo trimestre, e un horario orientativo para que os nenos/as establezan unha rutina.</p> <p>As familias implícanse, len os correos e fan un seguimento das tarefas dos nenos/as. Actúan como intermediarios entre nós e os seus fillos.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Comunicarase a través da páxina web.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.